



Aberto o prazo de inscrición para os monográficos de inglés audiovisual nas EOI de Lugo e Santiago organizados pola Consellería de Educación, o Consorcio Audiovisual de Galicia e a Fundación TIC

Os cursos comezarán o 24 e 26 de xaneiro en Santiago e Lugo, respectivamente

Santiago, 2 de decembro de 2011.- O Consorcio Audiovisual de Galicia, a través dun convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e coa Fundación TIC da Deputación de Lugo, convoca dous monográficos de inglés audiovisual que terán lugar nas Escolas Oficiais de Idiomas de Santiago de Compostela e Lugo a partir do 24 e 26 de xaneiro, respectivamente.

Os cursos, que este ano terán unha duración de 50 **horas** lectivas, serán impartidos polo profesorado destas escolas oficiais e celebraranse de xeito simultáneo nas EOI de Lugo e Santiago de Compostela a partir dos días 26 e 24 de xaneiro, respectivamente, mediante dúas xornadas á semana, en horario de tarde, para posibilitar a compatibilidade horaria co traballo dos profesionais.

Están dirixidos principalmente aos **profesionais do sector audiovisual**, así como a estudantes (preferiblemente cun nivel lingüístico Intermedio e Intermedio-alto dunha escola oficial de idiomas) que estean familiarizados coa lingua inglesa, e que desexen potenciar e ampliar as súas destrezas comunicativas sobre todo no ámbito da industria dos medios audiovisuais. Así, nas pasadas edicións contouse entre o alumnado con distintos perfís profesionais desta industria, como actores, directores, guionistas, técnicos, produtores, axentes de vendas internacionais, xornalistas, deseñadores gráficos, axentes culturais...

Ademais, ofertaranse unha serie de **actividades extraacadémicas** relacionadas cos contidos do curso (como visitas a rodaxes ou gravación de programas, organización de *master classes*, proxeccións de películas en versión orixinal, etc.).

Obxectivos

O obxectivo é que o alumnado adquira ou mellore o seu nivel de competencia na expresión e comprensión de certos aspectos específicos da lingua obxecto de estudo, tanto na súa forma falada como escrita, que lle permita desenvolverse en situacións coas que se poida atopar no seu ámbito profesional específico, proporcionándolle a información sobre as características fonéticas, as estruturas e normas de interacción comunicativa que poidan ter influencia nas situacións laborais e sociais máis frecuentes coas que se van enfrentar.





Estas actividades xorden da necesidade de especialización dos profesionais, que teñen que atender á demanda dun mercado audiovisual de marcado carácter transnacional e de contar coa presenza das empresas e produtoras galegas nos foros internacionais máis prestixiosos.

Bolsas de formación

O Consorcio Audiovisual de Galicia e a Fundación TIC subvencionarán en concepto de bolsa de formación o 50% do custo das taxas de matrícula por monográfico.

Inscricións e probas de nivel

O prazo de preinscripción abrirase o vindeiro luns día 5 e abarcará ata o 19 de decembro e conlevará unha proba oral de nivel do idioma para a selección do alumnado a través dunha entrevista persoal. As listaxes de convocatorias para estas probas publicaranse a partir do 21 de decembro e as entrevistas terán lugar nas instalacións da EOI de Lugo e no Consorcio Audiovisual de Galicia.

Máis información

Conorcio Audiovisual de Galicia www.conorcioaudiovisualdegalicia.org
Correo-e: formacion@conorcioaudiovisualdegalicia.org

Fundación TIC · Escola de Imaxe e Son www.fundaciontic.org
Correo-e: info@fundaciontic.org

EOI de Lugo www.eoilugo.com
Correo-e: eoi.lugo@edu.xunta.es

EOI de Santiago de Compostela www.eoisantiago.org
E-mail: eoi.santiago@edu.xunta.es

